


A posición da India no conflito Rusia-Ucraína

Description

A guerra entre Rusia e Ucraína continúa sen solución á vista. Con esta guerra, o papel das institucións internacionais e as principais potencias está tamén no punto de mira. Agárdase que a India, como unha potencia importante no sur de Asia e unha potencia emerxente no mundo, tome unha posición decisiva neste conflito.

Desde o comezo da guerra o 24 de febreiro, a India abstívose de votar as resolucións contra Rusia en varios foros internacionais. Até o de agora, India abstívose de votar en tres importantes foros: o Consello de Seguridade das Nacións Unidas, o Consello de Dereitos Humanos das Nacións Unidas e o Organismo Internacional de Enerxía Atómica.

A India, con todo, instou a ambos os países a atopar unha solución a través do diálogo e os medios diplomáticos. A posición da India de absterse en todas as reunións convocadas polas Nacións Unidas pode percibirse como un apoio a Rusia. Con todo, a India adoptou na realiade un enfoque equilibrado para esta crise. Hai varios factores que definen a posición da India.

Seguridade dos indios en Ucraína

Hai ao redor de 20.000 indios en Ucraína. A maioría destes son estudantes. Cando comezou a guerra, a seguridade dos indios era a prioridade do goberno. No momento en que varios países, incluído EE. UU, negaban a evacuación dos seus cidadáns, a India comezara xa unha operación de evacuación dos seus cidadáns en Ucraína. Esta operación chamouse e chámase ‘Operación Ganga’. A operación leva o nome do sacro río indio Ganga. India está a levar a cabo esta operación de evacuación a través de catro países veciños de Ucraína. Os indios en Ucraína están a cruzar a Polonia, Hungría, Rumania e Eslovaquia, desde onde son transportados por vía aérea á India. Ademais, a India tamén enviou axuda humanitaria a Ucraína para mitigar os sufrimentos dos cidadáns ucraínos atrapados na guerra e tamén para os desprazados e refuxiados. O primeiro ministro indio Narendra Modi estivo en contacto co presidente ucraíno Volodimir Zelenski e o presidente ruso Vladimir Putin, principalmente para buscar unha evacuación segura dos indios.

Continuando co enfoque equilibrado na política exterior da India

A política exterior da India caracterízase por manterse á marxe da competencia polo poder e a participación nos bloques militares globais. Este principio foi a base da política de non aliñación que a India adoptou trala independencia en 1947 para non involucrarse con ningún dos dous bloques liderados por Estados Unidos e a URSS durante a Guerra Fría. Con todo, a India mantivo estreitas relacións coa URSS naquela época. De feito, a URSS (e máis tarde a súa sucesora Rusia) apoiara a India durante a guerra de 1971 contra Paquistán e tamén apoiou a posición de India sobre Jammu e Caxemira en foros internacionais.

O final da Guerra Fría coincidiu coa liberalización da economía de India en 1991 e nas tres últimas décadas, a India desenvolveu estreitas relacións cos países occidentais. A India tamén desenvolveu estreitas relacións con Israel. Como resultado, a India diversificou considerablemente os seus compromisos no estranxeiro nos últimos 30 anos. Con todo, as relacións da India con Rusia continuaron sendo fortes. A razón foi que a India depende en gran medida das importacións de defensa. Aínda que Estados Unidos, Francia e Israel convertéronse en importantes socios estratéxicos de India, Rusia aínda fornece máis do 60 % do equipo de defensa total que importa India. Mais cos países occidentais, a India tamén goza de estreitas relacións comerciais, o único factor ausente nas relacións entre India e Rusia. Aínda que Estados Unidos foi o maior socio comercial da India no 2021, Rusia nin sequera se encontra entre os 10 principais socios comerciais de India.

Dado que os intereses económicos e estratéxicos da India están nos dous lados do conflito, a India non prestou o seu apoio a ninguha das partes.

Preocupacións xeopolíticas actuais

Rusia segue sendo o principal provedor de defensa da India, o que é un factor importante tendo en conta a situación volátil entre a vecindade da India. Coas continuas ameazas á seguridade por parte da China e Paquistán, India non pode permitirse ofender a Rusia. Así as cousas até o de agora, a India logrou non ceder ante a presión de Estados Unidos sobre a adquisición do sistema de defensa antimísiles S-400 de Rusia.

A posición da India sobre o conflito mantén unha opción aberta para Rusia. Coa imposición de sancións por parte dos países occidentais, a proximidade entre Rusia e China podería aumentar. Tal situación podería representar un desafío para India dadas as tensións con China. Rusia e China non son socios naturais. A oposición aos países occidentais é o único factor común para a cooperación entre os dous. É importante que os países occidentais entendan a posición da India e a tomen en consideración como modelo para recoñecer que o desafío que expón China é maior que o da Rusia.

Aínda que a India favorece a solución deeste conflito a través do diálogo, en última instancia, nas relacións internacionais, a protección do interese nacional é unha prioridade. Desta maneira, a India está a manobrar a través dste conflito tratando de protexer as súas apostas coas diferentes partes.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Asia

ETIQUETAS

India Galicia internacional

IDIOMA

Galego

INVESTIGACION

Relacións Internacionais

Date Created
Marzo 9, 2022
Meta Fields

Autoria :	16987
Datapublicacion :	20220309